



BASES PARA A PROVISIÓN DE PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO " COBAS XUVENIL"

1.- OBXECTO:

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil, o establecemento do sistema, procedemento e baremos das probas que se aplicarán na selección dos que serán contratados expertos docentes do obradoiro de emprego " **Cobas Xuvenil**", promovido polo **Concello de Monforte de Lemos** e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

PRAZAS CONVOCADAS:

- 1- Monitor Xardinaría.
- 1- Monitor carpintaría.
- 1.-Administrador

2.- CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

Os contratos de traballo que subscribirá a entidade promotora cos seleccionados, terán carácter temporal a tempo completo, e todos eles por un período de **seis meses**.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo solicitar a compatibilidade do segundo posto de traballo que pretenda exercer debendo ser aprobada dita compatibilidade polo órgano competente da entidade promotora do proxecto.

3.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDAS ÓS CANDIDATOS

3.1.- Requisitos xerais dos aspirantes:

- Estar en posesión da titulación e experiencia que se esixe para cada praza, ou en condicións de obtela na data na que termine o prazo de presentación de solicitudes da presente convocatoria.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións que corresponden ás prazas convocadas.
- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitado para o exercicio da función pública.
- Estarán en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data de inicio do proxecto ou naquela que se lle indique.



3.2.- Requisitos e condicións particulares de cada unha das prazas:

a) Monitor de Obradoiro de Xardinaria:

- Estar en posesión da categoría profesional de Oficial 1ª xardineiro, ou ter traballado como xardineiro no réxime de traballador autónomo. Será necesaria a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

A categoría profesional e a experiencia entenderanse cumpridos polos aspirantes que traballaran como docentes en dita especialidade, un mínimo de 3 anos, nunha escola obradoiro, casas de oficios ou obradoiro de emprego

A categoría profesional e a experiencia entenderánse cumpridas nos aspirantes que estean en posesión do título de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro Agrónomo ou Enxeñeiro de Montes e unha experiencia profesional mínima de 1 ano como xardineiro.

- Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.1 das presentes bases.

b) Monitor Carpinteiro:

- Estar en posesión da categoría profesional de Oficial de 1ª Carpinteiro de madeira ou ter traballado como Carpinteiro de madeira no Réxime de Traballadores Autónomos. Será necesario a acreditación de ter unha experiencia mínima de 5 anos.

A categoría profesional e a experiencia entenderanse cumpridos polos aspirantes que traballaran como docentes en dita especialidade, un mínimo de 5 anos, nunha escola obradoiro, casas de oficios ou obradoiro de emprego

- Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.1 das presentes bases.

c) Administrador:

- Titulación: Diplomado ou Licenciado en Empresarias ou Licenciado en Ciencias Económicas ou Diplomado en Relacións Laborais.

Ter os coñecementos e experiencia precisos para desenvolver as funcións definidas no apartado 4.2 das presentes bases.